



Estrelas de maxia **luns** Mago Romarís **29 decembro** **20h**

Estrelas da Maxia é unha obra máxica teatral, cunha escenografía inspirada nos teatros de maxia do século XIX. O guiñón vainos situando nos tempos dourados da maxia, ónde a escenografía era o elemento máis importante para crear atmósfera máxica.

O Mago Romarís vai facendo os distintos efectos de maxia tal como os farían as antigas Estrelas da Maxia.



O rei dos mares **martes** The Pinga Teatro **30 decembro** **20h**

Autor: Miquel Condal, Suso Pando. **Dirección:** Miquel Condal. **Elenco :** Suso Pando, María Carrera e Miquel Condal. **Duración:** 1 h. **Público:** Infantil a partir de 6 anos


Quintiño é un neno moi imaxinativo; de feito, vive máis tempo nas nubes que na terra. Pero unha das cousas que máis lle gusta é pasar a fin de semana co seu avó e navegar no seu barco *O rei dos mares*. Pola noite, e como é costume antes de durmir, o seu avó cóntalle a lenda da Serpi, Felicio e o Capitán. Quintiño pecha os ollos ao tempo que embarca nunha viaxe ao mundo dos soños; no océano infinito da imaxinación, distínguense dúas illas: a dos Felices Soños, protexida polo Capitán e Felicio -gardían dos soños-, e a illa ¡Esperta!, rexida polo peor inimigo de todos os dormentes: Pesadelo...



Ciclo de cinema documental sobre a Memoria. Entrada de balde



mércores 3 (20h30)



mércores 10 (20h30)



xoves 4 (20h30 e 22h30)



xoves 11 (20h30 e 22h30)

xoves 18 (20h30 e 22h30)

CINECLUB



GROUCHO MARX

máis información en cineclubgrouchomarx.blogspot.com

CINE

As películas para a fin de semana prográmanse semanalmente. Poden consultarse na carteleira do Teatro ou na axenda do sitio web www.concellodobarco.org

www.concellodobarco.org

Teatro Lauro Olmo

O Barco de Valdeorras

programación
decembro08



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS
Concellaría de Cultura



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Creación
e Difusión Cultural

caixanova



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

AGADIC

Agencia Galega das
Industrias Culturais



venres
5 decembro
21h

A lingua das bolboretas

Teatro del Andamio

Autor: Manuel Rivas
Dirección: Tatiana Likhacheva
Escenografía: Tatiana Likhacheva
Son: Manu Clavijo
Iluminación: Carlos Clemente
Vestuario: Anastasia Guevara

Elenco:
Personaxes: Alvaro Guevara. Manu Clavijo: música en vivo

A lingua das bolboretas narra os feitos que suceden nunha pequena aldea galega na primavera de 1936 ata o día en que estala a guerra civil. Moncho, un neno de 6 anos, iníciase na amizade, no saber e no descubrimento dos misterios da vida. A través da súa mirada inocente, e axudados pola máis madura do bondadoso mestre don Gregorio, introducímonos no ambiente familiar, social e político da aldea, ata o momento da brutal ruptura final.



luns
8 decembro
20h

La tortuga de Darwin

Teatro El Cruce

Teatro de la Abadía

Autor:
Juan Mayorga
Dirección:
Ernesto Caballero
Elenco:
Carmen Machi, Vicente Díez, Susana Hernández, Juan Carlos Talavera

Vivir é adaptarse... e ben o sabe Harriet, a tartaruga bicentenaria que Charles Darwin levou das Sapoconchos a Inglaterra e que evolucionou ata adoptar a aparencia dunha anciá e ser capaz de camiñar, falar e pensar. É un arquivo histórico vivinte dos principais fitos do século XX: a revolución industrial, o ascenso do nazismo, a Guerra Civil española, a caída do Muro... E ao tempo, un extraordinario caso de estudo para a ciencia. Por iso é disputada por un historiador e un médico, dispostos a aproveitarse desta peculiar tartaruga-muller para cubrirse de gloria. A tartaruga de Darwin é unha simpática fábula de Juan Mayorga que ofrece unha visión "a ras do chan" das atrocidades que jalonan a historia europea máis recente, e que vén a concluír que o ser humano, se acaso, ha involucionado.

A obra susténtase fundamentalmente na fantástica interpretación de Carmen Machi como Harriet. Machi cómese o escenario, dimensiona ao personaxe, saca todo o partido a un texto difícil e, en ocasións, un tanto plano, que en boca de alguén menos experimentado podería rematar en desastre. En suma, demostra as súas táboas como a actriz de teatro que é, malia que a fama lle chegue coa televisión. Ben está que os que só a coñecen como Aída descubran os seus outros rexistros. No que fai ao texto, como sempre que Mayorga anda por medio, é enxeñoso, intelixente e entretido, movéndose entre humor e drama.



venres
19 decembro
21h

La verdadera historia de los Hermanos Marx

Teatro Meridional

Autor: Julio Salvatierra.
Director: Álvaro Lavín.
Elenco: Luís Callejo, Álvaro Lavín, Chani Martín, Marina Sereskesy, Iván Villanueva, Paloma Vidal.

¡Acábase de descubrir un documental secreto sobre os irmáns Marx que pode alterar a nosa visión da historia do século XXI! Con todo a misteriosa película é roubada do mismísimo cuartel xeral da ONU, e serán xustamente os irmáns Marx -a pesar de estar mortos- os encargados de recuperala...

É este mundo absurdo? E aquel? É verdadeira a historia que coñecemos? Ou a verdade é que a verdadeira historia é mentira? Sería hora de contar realmente como foron as cousas, caía quen caía, ou será mellor recoñecer que non temos nin idea? Quen somos? Onde imos? E, sobre todo, de onde vimos, que traemos tan manchados os pantalóns? A todas estas preguntas, e a outras ata máis serias, intenta responder este espectáculo construído a partir do universo humorístico, vital, cinematográfico e literario de Groucho e a súa familia. Non é, a pesar de que puidese parecelo, un espectáculo do absurdo, se non un intento de reflexionar -con moito humor, desde logo- sobre o noso mundo aproveitando esa materia densa e maravillosa que é o universo marxiano, especialmente o de Groucho, pero tamén o dos seus irmáns.